



Bases que rexen a convocatoria para contratación laboral de persoal docente e formación dunha lista de agarda para a Cátedra INDITEX de Lingua e Cultura Españolas que a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña teñen establecida na Universidade de Daca (Bangladesh)

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto cobertura por contratación temporal de 4 vacantes existentes ou que se produzan no persoal docente da cátedra INDITEX de Lingua e Cultura Españolas na Universidade de Daca, suxeita á continuidade do convenio que existe para esta finalidade entre Inditex e as Universidades de A Coruña e Santiago de Compostela, asinado o 29 de decembro de 2010. A lista estará vixente durante o período de xestión da cátedra que corresponde á Universidade da Coruña.

As contratacións derivadas desta convocatoria financiaranse con cargo á partida orzamentaria 0800470012-422D-64000.

2. REQUISITOS DOS CANDIDATOS

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais de algún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o preveña o correspondente tratado, o dos nacionais de algún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

b) Ter capacidade legal para contratar, e non ter alcanzado a idade de xubilación.

c) Estar en posesión dun título universitario de grao ou de licenciatura. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír a credencial que acredite a súa homologación.



d) Experiencia docente en español como lingua estranxeira, computada conforme se indica no anexo 1:

- Un mínimo de 300 horas.

e) Formación específica en didáctica do español lingua estranxeira, computada conforme se indica no Anexo 1.

Os candidatos deberán acreditar os mínimos de formación específica en ELE que se indican a continuación, agás no caso de estar en posesión dun mestrado en ELE ou no ensino doutra lingua estranxeira (non sendo nese caso necesaria ningunha formación adicional).

f) Acreditar o nivel B2 (MCER) ou superior de inglés. A estes efectos utilizarase a táboa de equivalencias de ACLES (http://www.acles.es/multimedia/enlaces/24/files/fichero_81.pdf). Tamén servirá como acreditación calquera diploma de ter aprobado un curso de nivel superior (C1 ou C2) de calquera duración, ou de ter aprobado cursos sucesivos de nivel B2 de inglés que sumen 150 horas. Non serán válidos diplomas de cursos nos que non conste o nivel MCER. Non necesitarán esta acreditación os que teñan un título universitario centrado no estudo da lingua inglesa, ou os que teñan cursado nesta lingua os seus estudos superiores.

g) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

h) Non ter sido separado ou suspendido do servizo de calquera das administracións públicas en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio da función pública.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

3.1. A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Edificio da Reitoría, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña), nos rexistros auxiliares (Campus da Zapateira, A Coruña e Edificio de Apoio ao Estudo no Campus de Esteiro, Ferrol), ou nas restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os solicitantes que NON entreguen a documentación nun dos rexistros da UDC, deberán comunicar, o mesmo día de entrega a presentación da solicitude, mediante correo electrónico, á dirección catedra.dhaka@udc.es.

3.2. Documentación a presentar:

3.2.1. Todos os solicitantes:

- Solicitude de admisión conforme o modelo do Anexo 2.
- Fotocopia do DNI ou do pasaporte.
- Currículo, coa documentación xustificativa (fotocopias) dos méritos alegados para a súa



valoración na primeira fase do proceso de selección. Cada documento fotocopiado deberá identificarse cun número de orde no ángulo superior dereito, que será o mesmo que se faga constar nas táboas do Anexo 2.

- As táboas que figuran no Anexo 2, debidamente cubertas e asinadas.
- **Moi importante, toda a documentación deberá ir encadernada e presentada nun único volume e tamén enviada por correo electrónico a: catedra.dhaka@udc.es.**

3.2.2. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar ademais:

- Dúas fotocopias do documento que acredite a súa nacionalidade e, se é o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo.
- Declaración ou promesa de este de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ó seu cargo.
- Os candidatos de países cuxo idioma oficial non sexa o español deberán acreditar estaren en posesión do DELE C2 ou do antigo DELE Superior.

3.3. A Comisión de selección non valorará aqueles méritos que non se atopen suficientemente acreditados documentalmente nin os presentados fóra do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

3.4. En calquera momento a universidade poderá requirir dos aspirantes os orixinais ou copias debidamente compulsadas dos documentos que se correspondan coas simples presentadas. Os documentos que non estean escritos en algunha das linguas oficiais da UDC deben aportarse acompañados de tradución.

3.5. Co fin de garantir a participación en condicións de igualdade, aquelas persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% indicarán na súa solicitude as necesidades de adaptación específicas e o seu motivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude presentando copia orixinal ou compulsada da cualificación de minusvalía.

3.6. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria.

3.7. A presentación da solicitude supón a plena aceptación por parte dos candidatos das presentes bases e a declaración de que todos os datos consignados nela son certos.

4. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC: <https://sede.udc.gal>, e na seguinte ligazón: http://www.udc.gal/goberno/equipo_reitoral/vic/convocatorias/, a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión das devanditas listas, os aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

5. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

Rematado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión dos aspirantes, publicarase no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC: <https://sede.udc.gal> e na seguinte ligazón: http://www.udc.gal/goberno/equipo_reitoral/vic/convocatorias/ a la listaxe definitiva de admitidos e de excluídos definitivamente.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lle recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión para seleccionar aos integrantes da lista de reserva estará composta polos membros que se indican a continuación:

Presidenta:

- Pilar García de la Torre, Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación ou persoa en quen delegue

Secretaria:

- María Josefa Martínez López, Cátedra Inditex de Lingua e Cultura española UDC.

Vocais:

- Carlos Piñeiro Aneiros, Departamento RSC de Inditex.
- Santiago Fernández Mosquera, Cátedra Inditex de Lingua e Cultura española USC.
- Amparo Porta Rivas, coordinadora da Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Españolas en Daca.

Suplentes:

Presidente:

- Evaristo Zas Gómez, profesor da Escola Técnica Superior de Arquitectura.

Secretaria:

- Cilla Lourenzo Modia, profesora da Facultade de Filoloxía UDC.

Vocais:

- Begoña Crespo García, profesora da Facultade de Filoloxía da UDC.
- Emma Lezcano González, profesora da Facultade de Filoloxía da UDC.
- Victoria Vázquez Rozas, profesora da Facultade de Filoloxía da USC.



Para constituírse a Comisión tanto nesta fase de selección como en calquera outra actuación derivada desta convocatoria, sería necesaria a asistencia da presidenta, da secretaria e da metade cando menos dos vogais.

O órgano convocante, por proposta da comisión, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas. Os devanditos asesores deberán posuír titulación de igual ou superior nivel á esixida nesta convocatoria. O seu nomeamento farase público e seranlles de aplicación as causas de abstención e recusación, ao igual que aos restantes membros da comisión.

7. AVALIACION

7.1. Lugar da selección. O proceso de selección terá lugar na sede da Reitoría da Universidade da Coruña, Maestranza, 9, A Coruña.

7.2. Sistema de selección. O sistema de selección constará de dúas fases.

A primeira consistirá na avaliación e cómputo dos méritos dos candidatos por riba dos esixidos como requisitos na convocatoria, conforme ao baremo indicado no apartado 7.3.

A segunda consistirá nunha entrevista persoal cos solicitantes que superen a nota de corte que estableza a Comisión de Selección para a primeira fase.

7.3 Primeira fase: valoración de méritos (máximo 50 puntos)

1. Historial académico (ata 25 puntos)

1	Licenciatura, Graos afíns	Ata 2 punto
2	Mestrados e posgraos, doutoramento, diplomas de estudos superiores e de especialización en áreas específicas da lingua obxecto do concurso ou de linguas e cultura en xeral	Ata 10 puntos
3	Cursos de formación específica en didáctica de ELE, en lingua, literatura e cultura españolas, en didáctica de linguas estranxeiras e en didáctica da cultura	Ata 8 puntos.



4	Formación en administración e en uso de novas tecnoloxías	Ata 5 puntos
---	---	--------------

2. Experiencia profesional (ata 20 puntos)

1	Experiencia docente de ELE, de lingua española, doutras linguas, de literatura e cultura españolas a maiores da esixida como requisito para admisión ao concurso	Ata 5 puntos
2	Por cada participación como membro dun tribunal de exame DELE ou como corrector, 0,25 puntos (pudendo reunirse ambas condicións nun mesmo ano), ata un máximo de 2 puntos	Ata 3 puntos
3	Experiencia en organización docente ou de actividades académicas relacionadas co ensino das linguas, incluíndo experiencia en creación, deseño e mantemento de páxinas web, foros específicos relacionados co ensino/aprendizaxe de linguas.	Ata 3 puntos
4	Experiencia en organización de actividades de extensión cultural	Ata 3 puntos
5	Publicacións como autor ou coautor de materiais didácticos e outras publicacións relacionadas co ensino e aprendizaxe de linguas e extensión cultural	Ata 3 puntos
6	Experiencia docente con minorías e discapacitados. Experiencia docente noutras áreas de coñecemento	Ata 1.5 punto
7	Participación e seguimento de proxectos académicos relacionados co ensino de linguas.	Ata 1.5 punto

3. Idiomas: coñecemento do país de destino e dos seus idiomas (ata 5 puntos)

1	Coñecemento do bengalí: ata 3 puntos (1 punto polo nivel A1 ou 120 horas de cursos; 2 puntos polo nivel A2 ou 240 horas de cursos).	Ata 2 puntos
---	---	--------------



2	Residencia en Bangladesh: 1 punto por ano, ata 3 puntos.	Ata 2 puntos
3	Residencia en países cun IDH (Índice de Desenvolvemento Humano do ano 2015) semellante ao de Bangladesh: 0,25 puntos por ano, ata un máximo de 1,5 puntos (non exclúinte co anterior, sempre que a suma dos dous non supere os 3 puntos)	Máximo 1 punto

O resultado da valoración dos méritos será publicada pola Comisión no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC: <https://sede.udc.gal/> e na seguinte ligazón: https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/vic/convocatorias/

Segunda fase: entrevista. Máximo 50 puntos.

A esta fase só accederán as persoas que superen a nota de corte de 30 puntos para a primeira fase. Os candidatos seleccionados serán convocados directamente polo secretario da Comisión. A entrevista ten por obxecto determinar e valorar a adecuación dos candidatos ao posto de traballo, a súa iniciativa e capacidade de organización, así como a a súa vontade para integrarse nun equipo cuxa finalidade é a difusión da lingua e cultura españolas.

Consistirá nunha breve presentación do aspirante e preguntas sobre o seu currículo académico, experiencia profesional e outras cuestións relacionadas co obxecto do concurso que a comisión considere pertinentes para determinar as competencias dos candidatos para asumir as funcións do posto.

Os candidatos terán que acadar unha puntuación mínima de 25 puntos nesta segunda fase para poderen ser incluídos na lista de reserva.

8. PUBLICACIÓN DA PROPOSTA E RECLAMACIÓNS

A proposta provisoria de candidatos seleccionados pola comisión para formar a lista de reserva, publicarase na Sede Electrónica da UDC: <https://sede.udc.gal/> e na seguinte ligazón: https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/vic/convocatorias/. Contra esta proposta, os aspirantes poderán presentar reclamación perante a Comisión no prazo máximo de 3 días naturais a contar desde o seguinte a publicación. Rematado o prazo sinalado no punto anterior sen terse presentado reclamacións ou unha vez resoltas estas, a Comisión comunicará a proposta definitiva de integrantes da lista. A proposta notificarase persoalmente aos seleccionados.



9. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DA LISTAXE DE AGARDA

Unha vez recibida a proposta da Comisión de Selección esta reitoría, publicará a Resolución Reitoral da listaxe de reserva para a posible contratación laboral de persoal docente para a Cátedra INDITEX de Lingua e Cultura Españolas que A Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña teñen establecida na Universidade de Dacca (Bangladesh)

10. PROCEDEMENTO E XESTIÓN DA LISTAXE

- a) Os chamamentos faranse de acordo coa orde que resulte do indicado no artigo 9, e os candidatos/as serán avisados mediante calquera medio que permita ter constancia do dito aviso. Para iso deben facilitar un teléfono de contacto, preferentemente móbil, que permita a resposta inmediata. Deberán contestar no prazo máximo de 1 día hábil desde a recepción da chamada, SMS, ou calquera outro medio facilitado polo candidato (p. ex. correo electrónico). Transcorrido este prazo sen que se obtivese resposta, o candidato/a pasará ao final da lista, agás nos casos recollidos no apartado b) deste artigo, e continuarase co procedemento chamando ao seguinte candidato/a e así sucesivamente.

A organización non se fai responsable de correos electrónicos non recibidos debido a que existen multitude de razóns que poden impedir a súa correcta recepción (correo lixo, problemas de servidor, caixa de correo de entrada chea etc.), polo que é obriga da persoa participante comprobar que está a recibir os correos electrónicos correctamente e no caso de non ser así contactar coa Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación da Universidade da Coruña, sendo responsabilidade tamén do candidato/a a de actualización dos seus datos de contacto.

- b) A renuncia a unha oferta suporá a retirada da lista, agás no caso de que se xustifique de forma suficiente, e unicamente para os seguintes supostos:
1. Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza.
 2. Exercicio de representación sindical
 3. Matrimonio ou unión de feito en análoga relación de afectividade, debidamente acreditados mediante documento público, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza.
 4. Falecemento de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza.
 5. Ter outro contrato en vigor
 6. Enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada.



7. Coidado de menores afectados por cancro ou calquera outra enfermidade grave que requira ingreso hospitalario
8. Calquera outro de entidade suficiente que a Comisión considere oportuno.

As persoas afectadas por estes supostos quedarán suspendidas temporalmente da listaxe. Cando rematen as causas que motivaron a renuncia, a persoa interesada deberao comunicar inmediatamente por medio dun escrito que se presentará por rexistro, dirixido á vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación, co obxecto de ser incluída novamente no mesmo posto que ocupaba na listaxe.

- c) As reclamacións contra a xestión da lista serán resoltas pola Comisión establecida no punto 6 desta convocatoria.

11. RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN

Os currículos presentados para este proceso de selección poderán ser retirados polos aspirantes non seleccionados na vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación (Reitoría, Rúa da Maestranza,9) a partir do mes seguinte do remate do devandito proceso, agás que estea afectado pola interposición de recursos.

12. DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou sen que neste caso se poida interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

A Coruña, a XXX de xuño, de 2021

O Reitor

Julio Abalde Alonso



Datos da actividade

Título da actividade: Docencia na Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Española na universidade de Daca (Bangladés)

Número de prazas: 4

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Docencia de lingua e cultura españolas, organización de actividades culturais e realización de actividades investigadoras

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1900€ + 2000 en concepto de dietas de expatriación

Duración do contrato: 12 meses

Data de inicio prevista: 01-09-2021*

Data de fin prevista: 01-09-2022

Xornada laboral: tempo completo

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



ANEXO 1

Solicitude para participar na convocatoria pública para a formación dunha listaxe de reserva para a posible contratación temporal de persoal docente para a Cátedra INDITEX de Lingua e Cultura Españolas na Universidade de Dhaka (Bangladesh)

Datos persoais:

Apelidos:			
Nome:		Data de nacemento: (dd/mm/aaaa)	
DNI:		Lugar e data de expedición	

Enderezo para os efectos de notificación:

Rúa, planta, número:			
Municipio:		C.P.	
Provincia:			
Teléfono/s:			
Correo electrónico			

EXPÓN

Que posúe os requisitos esixidos para participar na convocatoria pública para a formación dunha listaxe de reserva para a posible contratación temporal de persoal docente para a Cátedra INDITEX de Lingua e Cultura Españolas na Universidade de Dhaka (Bangladesh). En consecuencia

SOLICITA

Ser admitido para participar na devandita convocatoria.

Lugar, data e sinatura _____

Sr. Reitor da Universidade da Coruña

Anexo II

Táboa 1

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

REQUISITOS	Titulacións e nivel de Inglés	Universidade ou Institución	Núm. de orde do documento xustificativo
Titulación de acceso ao concurso:			
Nivel B2 de inglés Certificación que presenta:			

Táboa 2

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

REQUISITOS- Experiencia docente Use tantas táboas 2 como necesite	Universidade, Centro ou Institución	Número de horas	Núm. de orde do documento xustificativo
Emprego 1. Tipo e datas			
Emprego 2. Tipo e datas			
Emprego 3. Tipo e datas			
Emprego 4. Tipo e datas			
Emprego 5. Tipo e datas			
Emprego 6. Tipo e datas			
Emprego 7. Tipo e datas			
Total horas			

Táboa 3

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

MÉRITOS_ Formación, outras titulacións relacionadas co ensino de linguas	Universidade ou Institución	Núm. de orde do documento xustificativo
Titulación adicional:		
Mestrado en ELE:		
Outros mestrados, posgraos ou DEA:		
Doutoramento:		
C.A.P./Mestrado Formación Profesorado		

Táboa 4

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

MÉRITOS. Formación, cursos ELE recibidos Use tantas táboas 4 como necesite	Universidade, Centro ou Institución	Número de horas	Núm. de orde do documento xustificativo
Curso 1:			
Curso 2:			
Curso 3:			
Curso 4:			
Curso 5:			
Curso 6:			
Curso 7:			
Total horas:			

Táboa 5

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

MÉRITOS- Experiencia docente Use tantas táboas 5 como necesite	Universidade, Centro ou Institución	Número de horas	Núm. de orde do documento xustificativo
Emprego 1. Tipo e datas			
Emprego 2. Tipo e datas			
Emprego 3. Tipo e datas			
Emprego 4. Tipo e datas			
Emprego 5. Tipo e datas			
Emprego 6. Tipo e datas			
Emprego 7. Tipo e datas			
Total horas:			

Táboa 6

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

MÉRITOS- Relatorios Use tantas táboas 6 como necesite		Evento e ano	Puntuación (non cubrir)	Núm. de orde do documento xustificativo
Relatorio 1				
Relatorio 2				
Relatorio 3				
Relatorio 4				
Relatorio 5				
Relatorio 6				
Relatorio 7				

Táboa 7

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

MÉRITOS-Publicacións Use tantas táboas 7 como necesite	Título da revista ou do libro, lugar, editorial, ano	Total autores	Puntuación (non cubrir)	Núm. de orde do documento xustificativo
Publicación 1				
Publicación 2				
Publicación 3				
Publicación 4				
Publicación 5				
Publicación 6				
Publicación 7				

Táboa 8

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

MÉRITOS-Proxectos de investigación institucionais Use tantas táboas 8 como necesite	Título do proxecto e entidade	Duración da participación	Puntuación (non cubrir)	Núm. de orde do documento xustificativo
Proxecto 1				
Proxecto 2				
Proxecto 3				
Proxecto 4				
Proxecto 5				
Proxecto 6				
Proxecto 7				

Táboa 9

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

MÉRITOS-Actividades de extensión cultural Use tantas táboas 9 como necesite		Responsable da organización	Puntuación (non cubrir)	Núm. de orde do documento xustificativo
Actividade 1				
Actividade 2				
Actividade 3				
Actividade 4				
Actividade 5				
Actividade 6				
Actividade 7				

Táboa 10

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

MÉRITOS-Coñecemento dos idiomas e do país Use tantas táboas 10 como necesite	Universidade, centro ou institución	Puntuación (non cubrir)	Núm. de orde do documento xustificativo
Dominio do bengalí. Certificación que aporta			
Residencia no país ou noutro co mesmo IDH, lugar e datas 1			
Residencia no país ou noutro co mesmo IDH, lugar e datas 2			
Residencia no país ou noutro co mesmo IDH, lugar e datas 3			
Residencia no país ou noutro co mesmo IDH, lugar e datas 4			

Táboa 11

Asine aquí debaixo

Solicitante:	Nome:		Apelido 1:		Apelido 2:		Sinatura:	
--------------	-------	--	------------	--	------------	--	-----------	--

MÉRITOS-Outros méritos que desexe aportar Use tantas táboas 11 como necesite		Núm. de orde do documento xustificativo
Outros méritos 1		
Outros méritos 2		
Outros méritos 3		
Outros méritos 4		
Outros méritos 5		
Outros méritos 6		
Outros méritos 7		
Outros méritos 8		